

EMERXENTES LUCÍA PENABAD TEIJEIRA

# «Estou moi contenta, traballar en Doñana é a meca dun biólogo»

*A barreirense participa no programa de conservación do lince ibérico*

INMA EIROÁ  
VIVEIRO / LA VOZ

A entusiasta conversa que mantemos con Lucía Penabad Teijeira deixa ben ás claras que é unha persoa feliz co seu traballo. Esta xove bióloga de 28 anos (puntualiza que a remates do mes de decembro caen os 29) nacida en San Miguel de Reinante (Barreiros) forma parte do equipo que traballa en Doñana no Programa de Conservación ex-situ do Lince Ibérico.

—**Iso de que un acaba conseguindo o que realmente quere parece certo no seu caso. ¿Como o logrou?**

—Fíxen a carreira en A Coruña e cando rematei en xuño pedín voluntariado. Estabamos nunha voda en Madrid cando me chamaron para Doñana, e xa fun correndo e díxenlles (a seus pais) «quero irme». Primeiro estiven de voluntaria; cando rematei safume traballo no zoo de Fuenigürola e logo xa volví para aquí. Estou de vídeoexiante no programa de conservación do lince ibérico, que remata en marzo, pero en principio din que seguiremos catro anos máis. Neste programa levo tres.

—**¿Que fai?**

—Traballo detrás dunhas cámaras, observando o que fan os lince. Tomamos datos de comportamento, imaxes en vídeo, para Internet ou en directo, levamos os voluntarios... Non é un traballo de bióloga, pero achégase. Presentei dous pósters en dous congresos e estou a punto de presentar un artigo. Hai que moverse, trátase de facer o que



Lucía Penabad, axudando a anelar unha cría de flamenco.

che gusta. Traballo a turnos de oito horas e as noites cóstanme. Ás veces necesito máis bioloxía e por iso no tempo libre me adico a estudar o comportamento animal, porque aquí tomamos moitos datos, pero logo non hai quen os trate.

—**Ao remate o que intentan é protexer o lince**

—É un proxecto de cría en cautividade, de ver como crialos para logo soltalos no campo. Con oito ou nove meses na natureza independízanse das nais. Aquí

hai unha serie de camadas que se elixen para soltalas e son esas as que hai que evaluar dende as cámaras. Valen se cazan ben, se fuxen dos humanos. Nas camadas de reprodución entran dúas veces á semana os cuidadores, pero a estes, aos que se van soltar, dáselles ás escondidas. Hai un temporizador para darlles o coello e toda a observación faise dende a cámara, sen ter contacto directo con eles. Temos 16 recintos con 30 animais. Nuns están a nai coa camada, ou están por parellas; moitos non por

«*Da carreira saes co básico, logo hai que curralo, aquí e dándolle á cabeza nos libros e en Internet*»

«*A crise tamén afecta, hai máis caza e poñen cepos para poder comer*»

que se pelexan; no campo non é normal que se agrupen. Os recintos nosos son campos valados, con bebedoiros artificiais, con vexetación típica do bosque mediterráneo, con piñeiros e alcornoques.

—**¿Teñen soltos xa exemplares dos que vostede observou?**

—En xaneiro de 2012 introducíronse no campo seis lince dos nosos. Dous deles apareceron mortos. En xeral vese que a crise tamén afecta aquí, no senso de que hai máis caza e cepos. A xente que pon lazos para poder comer non diferencia e matan todo o que atopan. Tamén hai moitos atropelos, sobre todo en Sierra Morena e Doñana; no último mes houbo tres ou catro. Pero a pesar diso as poboacións están aumentando porque hai máis coellos, vacúnanse.

«*Á veces chamo a meus pais para falar en galego; fálolle sempre en galego á cadela*»

«Galicia está a doce horas en coche de Huelva. Está lonxe...», afirma Lucía Penabad. Pese a iso e a que, entre xaneiro e maio, teno complicado pola casuística do traballo (é cando empezan o celo, xestan e paren os lince), fai sempre varias viaxes á Mariña. Non falla en vacacións e na Navidade e fai algunha escapada máis en avión.

—**¿Que bota en falla?**

—A comida, o caldo de miña avoa, a comida de Angélica. O clima non, aquí leva unha semana chovendo e xa me costa. E falar en galego, ás veces chamo a meus pais para poder falar en galego, fálolle sempre en galego á cadela.

—**Vindo dunha familia de mestres non lle deu por aí.**

—Só traballei uns meses en temas de educación. Non me importa contarles aos nenos pequenos cousas de bichos, pero aos de 15 anos... A monotonia de estar ano tras ano ensinando o mesmo, non. Aquí cada día hai algo novo. Tamén estiven facendo visitas no parque cando deixei o zoo para virme a Doñana, pero era diferente, sempre había algo novo que contar.

—**Estar en Doñana xa é o máximo**

—Si, estou moi contenta. Traballar en Doñana é a meca para un biólogo, sobre todo se che gustan as aves. En Galicia coñezo as gaiotas e pouco máis, pero aquí saes un día e ves cantidade de aves.

—**E coñeces xente do teu campo.**

—Si que coñeces moita xente e vas coñecendo outros proxectos (...), temos contactos con xente de Suíza, veñen todos os anos; de Rusia, que traballan co lince boreal, e tamén ven xente a intercambiar coñecementos.